

CONCURSO ABREVIADO; 211/2010

PROMOCIÓN CULTURALS GALEGAS, S.A

**AO XULGADO DO MERCANTIL NUMERO TRES DE PONTEVEDRA CON
SEDE EN VIGO**

Paula Llorden Fernández Cervera , procuradora dos Tribunais, en nome e representación dos traballadores por conta allea segundo a personación que obra en poder deste Xulgado, perante o mesmo comparece e como mellor proceda en dereito **DIGO:**

Que a medio do presente escrito veño a promover **INCIDENTE CONCURSAL** fronte ao administrador , **Dº CARLOS ALVAREZ FERNANDEZ** con DNI XXXXXXXX-Y, con data de nomeamento 10/09/2010, e a empresa concursada **“PROMOCIÓN CULTURALS GALEGAS, S.A”**, con CIF nº A15027535 , con enderezo non centro de traballo, Rúa do Príncipe 22 galerías interior baixo , no Concello de Vigo (Pontevedra), , fundamentando a mesma nos seguintes feitos e fundamentos legais:

FEITOS

Primeiro.- Que a administración concursal certifica as débedas salariais cualificadas como créditos con privilexio xeral dos traballadores, dos meses de xullo e agosto do pasado ano 2010.

Segundo.- Que a día 30 de Outubro de 2010 a medio de auto o Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra con sede en Vigo resolve a extinción dos contratos de traballo dos representados.

Terceiro.- Que o auto que da comezo ao proceso concursal é publicado o 10 de Setembro de 2010.

Cuarto.- Que aos representados se lles adebedan as cantidades salariais das nóminas de Outubro mais a Liquidación correspondente, sendo este crédito posterior ao concurso e polo tanto obtendo unha cualificación de débedas contra a masa.

Quinto.- Que a día de hoxe os representados non se lle foi aboada as cantidades expostas no feito anterior. En canto ao seu pago, o concursado queda na obriga ao abono dos créditos contra a masa o seu vencemento, con independencia do estado de tramitación do concurso. Non pode pospoñerse o pago ate que se aprrobe o plan de liquidación (JM Bilbao num 1, auto 10-09-08)

Sexto.- Que a 21 de Decembro se lle envía un correo electrónico á Administración concursal solicitando o abono das cantidades salariais pendentes de abono sendo a súa resposta a seguinte texto con data de recepción o 5 de Xaneiro de 2011.

1. Al preparar y entregar el pasado viernes 17 de diciembre los certificados de la AC para el FOGASA a los trabajadores hemos detectado lo siguiente:

- 1. La empresa no comunicó a la administración concursal que la NÓMINA DE OCTUBRE (los 30 días con su FINIQUITO), no se había pagado.*
- 2. En consecuencia, LA ADMINISTRACION CONCURSAL NO INCLUYÓ DICHO CRÉDITO EN SU INFORME PROVISIONAL.*
- 3. Los trabajadores NO IMPUGNARON EL INFORME PROVISIONAL.*
- 4. Los certificados al FOGASA, los hicimos desde este despacho en base a lo reconocido en el Informe Provisional.*

NO PASA NADA, solo estamos ante el Informe PROVISIONAL

Sétimo.- Que esta parte é coñecedora que os traballadores con relación laboral vixente se lle abonou as cantidades de Outubro establecendo o concursado, con permisividade da administración concursal que os demais traballadores, parte os representados, aínda a día de hoxe non se lle fora aboada as cantidades recoñecidas como créditos contra a masa, sen motivación que clarifique a posibilidade que permite a lei concursal a excepcionalidade ao pago dun crédito con vencemento posterior, como así demostra o correo emitido pola administración concursal a esta parte.

Sétimo.- Que o certificado emitido pola administración concursal debe ser modificado en virtude do desagregamento da indemnización recoñecida por lei, que ascende a 20 días por ano con un máximo de 12 mensualidades e a millora acordada perante este xulgado do mercantil en 7 días máis por ano, xa que a administración concursal emitiu un certificado coa indemnización total, legal e convencional, sendo este certificado ineficaz para a solicitude do Fondo de Garantía Salarial, polo que se solicitou a mesma administración que desagregara en dúas cantidades, a legal e a convencional recoñecida.

Por todo o exposto, ao Xulgado do Mercantil,

SUPLICA que tendo por presentada en prazo e forma a presente **INCIDENTE** fronte a administración concursal e a empresa concursada **PROMOCIÓN CULTURAIS GALEGAS, S.A**, proceda a aboar as cantidades pendentes salariais do mes de Outubro mais a liquidación por ser créditos contra a masa xa vencidos, e a corrección do certificado que emite a administración concursal en materia de indemnización desagregando as cantidades correspondentes a legalmente establecida e a convencionalmente acordada, por ser de xustiza e dereito.

En Vigo, a 14 de Xaneiro de 2.011